



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ACTA DE EXAME/COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE A “DOCUMENTACIÓN” DO PROCEDEMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACION: FACTOR PREZO) PARA CONTRATACIÓN DAS OBRAS AS QUE SE REFIRE O PROXECTO DENOMINADO “ALUMEADOS DE CURRO, XARÁS E PRADO”, INCLUIDA NO PMA 2016.

Na Casa do Concello de Camariñas, ás 9:30 horas do día 24 de abril de 2017, constitúese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva do acordo adoptado pola Xunta Goberno Local, órgano de contratación, en sesión de data 17 de febreiro de 2017, estando presentes os seguintes membros:

Presidente:

D. Manuel Valeriano Alonso de León, Alcalde-Presidente.

Vogais:

D^a Sandra Insua Rial, Concelleira.

D. Juan Carlos Canosa Marcote, Concelleiro.

D^a M^a Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación.

D^a Alicia Queiro Pérez, Interventora acctal. da Corporación.

Secretario:

D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativa adscrito a Secretaría.

É obxecto da reunión, acto non publico, de conformidade coa cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas que regulan a contratación e co acordado pola Mesa de Contratación en reunión de data 29/03/2017, o exame/comprobación da documentación requirida aos licitadores para aclaración ou emenda de defectos ou omisións producidas na documentación do sobre A presentada polos licitadores que optan á contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo), das obras ás que se refire o proxecto denominado “ALUMEADOS DE CURRO, XARÁS E PRADO” (Camariñas), incluída no Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016 da Deputación Provincial da Coruña e adopción dos acordos que procedan.

Dada a presenza do Presidente como do secretario así como dos vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dáse lectura á acta da sesión anterior sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que esta se autoriza coa sinatura do secretario da Mesa e o visto e prace da presidencia.

2º.- EXAME/COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA AOS LICITADORES PARA ACLARACIÓN OU EMENDA DE DEFECTOS OU OMISIONS PRODUCIDAS NA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NO SOBRE A E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Na reunión da Mesa de Contratación de data 29 de marzo de 2017, acordouse:

“Primeiro.- Comunicar mediante teléfono, Fax ou correo electrónico aos licitadores núm. 5, D. MANUEL CANOSA BERMÚDEZ; num. 9, D. SIMÓN SANTOS ROA; núm. 10, CONSTRU. CYMCO GALICIA, S.L.; núm. 16, ENERFREE, S.L.; e núm. 32, BELS PRODUCTOS Y SISTEMAS, S.L., que **nun PRAZO DE TRES DÍAS HÁBILES**, a contar dende a recepción da comunicación, deberán de presentar aclaración sobre os datos consignados no modelo de declaración de porcentaxe de subcontratación.

As porcentaxes de subcontratación das unidades de obra deberán vir referidas ao **importe total de adjudicación**, non a cada unha das unidades de obra, de modo que a suma das porcentaxes a subcontratar das unidades de obra deberá ser coincidente co



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

importe de % total que se ha de subcontratar expresado en % sobre o importe total de adxudicación.

Lémbrese que a porcentaxe máxima establecida na epígrafe 12 do cadro de características do contrato é do 60% do prezo de adxudicación.

Segundo.- Comunicar mediante teléfono, Fax ou correo electrónico ao licitador núm. 14, NOROINSTAL, SISTEMAS E INSTALACIONES, S.L., os seguintes defectos ou omisións na documentación presentada, concedéndolle **un PRAZO DE TRES DÍAS HÁBILES**, a contar dende a recepción da comunicación, para que aporte a documentación que seguidamente se relaciona:

- Non presenta a declaración de porcentaxe de subcontratación a que se refire a cláusula 12.1.2 B) do prego. Debe presentar a declaración (axustada ao modelo que se indica na dita cláusula) da porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecida na epígrafe 12 do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP).
- Non presenta o documento a que se refire a cláusula 12.1.2 F) do prego. Deberá presentar o documento de compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para execución da obra no modelo que se indica na dita cláusula.

Terceiro.- Comunicar mediante teléfono, Fax ou correo electrónico ao licitador núm. 21, FELIX Y VIÑAS, S.L.U., os seguintes defectos ou omisións na documentación presentada, concedéndolle **un PRAZO DE TRES DÍAS HÁBILES**, a contar dende a recepción da comunicación, para que aporte a documentación que seguidamente se relaciona:

- Non presenta a declaración responsable a que se refire a cláusula 12.1.2 A) do prego. Debe presentar a declaración no modelo que se indica na dita cláusula.
- Non presenta a declaración de porcentaxe de subcontratación a que se refire a cláusula 12.1.2 B) do prego. Debe presentar a declaración (axustada ao modelo que se indica na dita cláusula) da porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecida na epígrafe 12 do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP).
- Non presenta o documento a que se refire a cláusula 12.1.2 F) do prego. Deberá presentar o documento de compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para execución da obra no modelo que se indica na dita cláusula".

.../

As comunicacións realizáronse mediante correo electrónico e fax aos licitadores e teñen saída do Concello o día 10 de abril de 2017, núm. de rexistros 912 a 918, correspondendo respectivamente a: BELS PRODUCTOS Y SISTEMAS, S.L.; CONSTRU. CYMCO GALICIA, S.L.; D. MANUEL CANOSA BERMÚDEZ; ENERFREE, S.L.; D. SIMÓN SANTOS ROA; NOROINSTAL, SISTEMAS E INSTALACIONES, S.L.; e FELIX Y VIÑAS, S.L.U.

O prazo para presentar a documentación requirida era de tres días hábiles, a contar desde a recepción da comunicación.

A empresa FELIX Y VIÑAS, S.L.U. non presentou a documentación requirida.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

As empresas D. SIMÓN SANTOS ROA; BELS PRODUCTOS Y SISTEMAS, S.L.; ENERFREE, S.L.; CONSTRU. CYMCO GALICIA, S.L.; D. MANUEL CANOSA BERMÚDEZ; e NOROINSTAL e SISTEMAS E INSTALACIONES, S.L., presentan a documentación requirida dentro do prazo outorgado nas seguintes datas respectivamente: o día 12 de abril de 2017 (RXE núm. 1624), o día 12 de abril de 2017 (RXE núm. 1625), o día 12 de abril de 2017 (RXE núm. 16246), o día 12 de abril de 2017 (RXE núm. 1627), o día 12 de abril de 2017 (RXE núm. 1628) e o día 18 de abril de 2017 (RXE núm. 1679) previa comunicación do envío da documentación por correo mediante fax.

Así pois, examinada/comprobada a documentación aportada polos licitadores en tramite de emenda e vistos os antecedentes expostos así como a restante documentación/actuacións que obran no expediente, a Mesa de contratación por unanimidade dos seus membros acorda:

Primeiro.- Excluir do procedemento ao licitador núm. 21, FELIX Y VIÑAS, S.L.U. por non presentar a documentación requirida para emenda de defectos ou omisións na documentación do sobre A.

Segundo.- Notificar o acordo de exclusión a FELIX Y VIÑAS, S.L.U. con indicación dos recursos que procedan (alzada).

Terceiro.- Declarar admitidos no procedemento aos restantes licitadores que seguidamente se relacionan por presentar de conformidade toda a documentación establecida no prego:

NÚM.	PROPOÑENTE
5	D. MANUEL CANOSA BERMÚDEZ
9	D. SIMÓN SANTOS ROA
10	CONSTRU. CYMCO GALICIA, S.L.
14	NOROINSTAL, SISTEMAS E INSTALACIONES, S.L.
16	ENERFREE, S.L.
32	BELS PRODUCTOS Y SISTEMAS, S.L.

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, sendo as 10:20 horas do día da data, do que como secretario dou fe co visto e praxe da Presidencia.

Vº e Praxe,
O PRESIDENTE,

D. Manuel Valeriano Alonso de León

O SECRETARIO,

D. Victorino Nión Carril